



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, E A ASOCIACIÓN AIXIÑA

En Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

REÚNENSE

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e o punto segundo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril do mesmo ano (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).


Doutra parte, dona Olga Cuña Blanco, presidenta da Asociación Aixiña, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense co número 1991/000997-1.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. – No Decreto 235/2012, de 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, créase a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola súa parte, o artigo 20 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, integrada na estrutura desta Consellería, contribuirá á cohesión territorial e a equilibrar as disparidades no






desenvolvemento socioeconómico de Galicia, mitigando os desequilibrios entre o medio rural e urbano, o interior e a costa e contribuíndo á fixación de poboación, mediante a redución de diverxencias. Neste sentido, a existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública. A maior abastanza, e dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

O ámbito territorial da Asociación Aixiña o constitúe toda a provincia de Ourense e leva a cabo actividades destinadas a unha mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade así como os familiares das mesmas e dos socios non discapacitados. Entre as actividades que leva a cabo a Asociación Aixiña atópanse as de centro de día para persoas maiores dependentes, centro de día para persoas con parálises cerebral e afíns, residencia para persoas con discapacidade, talleres de artesanía e soldadura entre outros, servizos de catering, tenda artesana, etc.

Tendo en conta os principios inspiradores das relacións entre Administracións Públicas, aínda que a colaboración interadministrativa non se dea de forma directa entre a Comunidade Autónoma e o Concello, a concesión da axuda á Asociación repercute positivamente na poboación municipal e por conseguinte na actividade ordinaria do Concello. Queda patente por tanto que, a colaboración na protección de bens de interese local a través de Asociacións constitúe unha competencia da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza .


En tanto en canto a Secretaría Xeral Técnica desta consellería constitúe o órgano de apoio e asistencia das diferentes Direccións Xerais e Secretarías Xerais correspóndelle á citada Secretaría Xeral Técnica asumir a concesión da axuda.

Segundo. – O obxecto da Asociación Aixiña é traballar por e para as persoas con discapacidade física, parálises cerebral/dano cerebral adquirido, terceira idade dependente e as súas familias co fin de lograr a plena integración das persoas en todos os ámbitos da vida (social, cultural e laboral).



[Firma]

[Firma]






Terceiro.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a equilibrar as disparidades existentes no desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións que traballan a nivel local co afán de prestar un mellor servizo aos veciños e veciñas da provincia de Ourense.

Cuarto. - De acordo co establecido no artigo 26.2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que a Asociación Aixiña está a desenvolver actividades destinadas a unha mellora da calidade de vida da veciñanza que sofre algún tipo de discapacidade así como os familiares da mesma e da cidadanía en xeral . Entre as actividades que leva a cabo a Asociación Aixiña atópanse as de centro de día para persoas maiores dependentes, centro de día para persoas con parálises cerebral e afíns, residencia para persoas con discapacidade, talleres de artesanía e soldadura entre outros, servizos de catering, tenda artesana, etc.

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Aixiña no desenvolvemento destas actividades, pois a través de actuacións como as que desenvolve esta entidade téntase acadar solucións efectivas aos veciños con discapacidade así como aos seus núcleos familiares e ao seu entorno con independencia do seu lugar de residencia, redundando nunha mellor prestación de servizos a toda a cidadanía desta provincia.

En atención ao sinalado non é posible promover a concorrência pública pola especificidade do programa a desenvolver.

Quinto.- A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS


PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Aixiña para a adquisición de equipamento preciso para o funcionamento dos centros de que dispón esta asociación.

SEGUNDA.- Obrigas da Asociación

A Asociación Aixiña, queda obrigada a:

1. Destinar os fondos percibidos á adquisición de material necesario para que a asociación poida desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto social.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CCAA para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.





TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará á Asociación Aixiña a cantidade de DEZ MIL DOUS CENTOS EUROS (10.200,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 (código de proxecto 2015 00121) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 citada.


A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O representante da Asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.





En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ó abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2017.


QUINTA. – PAGOS PARCIAIS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da entidade, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo co disposto no artigo 62 e do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ó ritmo de execución da acción subvencionada.

Para a realización de pagamentos parciais a entidade, deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas co obxecto do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.



[Firma manuscrita]





De acordo co establecido nos artigos 11.d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración Autonómica, a entidade, deberá presentar unha declaración do conxunto de tódalas axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a Fundación deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais


SÉTIMA. - SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería e o Presidente da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio





OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.



[Firma manuscrita]

[Firma manuscrita]





DÉCIMO PRIMEIRA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2017.

DECIMO SEGUNDA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia Administracións Públicas e

Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

A Presidenta da Asociación Aixiña



Olga Cuña Blanco